

1.- INTRODUCCIÓN

Este documento que presentamos é unha guía e, a súa vez, un compromiso das titulacións de Master para co conxunto dos estudantes en relación ao conxunto de actividades que paralelamente á docencia forman parte do denominado Plan de Acción Titorial.

Tratase dun conxunto de actividades de asesoramento académicas e formativas que han de facilitar o paso dos estudantes pola Universidade. Este plan implica a participación e colaboración de varios axentes que entre todos eles configuran e desenvolven a planificación das actividades.

A formulación intenta abordar accións de carácter transversal e outras de tipo máis específicas onde se integran os diferentes axentes en relación aos estudantes. O conxunto de accións máis específicas enfócanse cara a momentos puntuais e de especial relevancia no transcurso do recorrido universitario.

É de especial relevancia para realizar un seguimento do Plan de Acción Titorial o deixar constancia e testemuño escrito das accións levadas a cabo e as posibles incidencias que no seu transcurso poidan aparecer. Para iso no apartado dos anexos aparecen, a modo de ficha, uns documentos que ademais de deixar constancias das actividades desenvolvidas permiten unha valoración das mesmas.

2.- DEFINICIÓN DO PLAN TUTORIAL NA FACULTADE DE BELLAS ARTES.

2.1. Necesidades e actuacións

Xunto aos novos plans de estudos adaptados al EEES que se están levando a cabo, estase desenvolvendo un concepto de tutoría, máis acorde coas necesidades formuladas desde a horizontalidade, onde ademais da transmisión de coñecementos, buscase unha metodoloxía activa e relacións interactivas entre titor-alumno e entre os propios estudantes.

No caso da docencia en Belas Artes temos que advertir que dada a alta experimentación das titulacións, non está supoñendo un cambio drástico na nova relación que se está configurando entre docentes e estudantes. Non obstante, o concepto de tutoría supón un reforzo e un esforzo na docencia a impartir que ben convén planificar e desenvolver cos títulos de Master.

Temos que entender que a tutoría é un conxunto de actividades que, debidamente planificadas, veñen a reforzar e complementar a docencia levada a cabo polo profesorado. O PAT ha de ir encamiñada a unha completa adquisición das competencias marcadas na titulación e ha de atender tanto aos aspectos informativos, formativos, académicos e persoais.